




CURSO 20/21

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE OLEIROS



Concello de Oleiros
Concellería de Ensino e Xuventude

www.oleiros.org · ensino@oleiros.org



Prezadas familias:

Unha vez reincorporados ao noso posto de traballo despois da corentena, onde a Escola Municipal de Música de Oleiros quedou baleira de música e de alumnado, consecuencia da Covid-19, non temos outro fito, no noso facer diario, que devolver ao noso centro e as familias a ilusión por facer o que máis nos gusta: MÚSICA

Sabendo que o distanciamento social marcará os nosos hábitos de ensino para o vindeiro curso ou ata que a situación sanitaria mellore, a Xunta Directiva da escola está a elaborar un **Protocolo de Actuación e Adaptación** no que toda a Comunidade Escolar, que integramos a EMMO, teremos que ser moi coidadosos para que do único que escoitemos falar, nos corredores do centro, sexa do son da nosa música.

Preocupados por un posible rebrote que nos leve de novo ao aillamento nos nosos fogares, e coñecendo o perxuízo que supuxo para o noso alumnado desleixarse dos seus instrumentos durante todo este lapso de tempo, a EMMO xa ten preparado a adaptación para a posible **formación a distancia** onde non haberá perda algunha de calidade de ensino.

Esperando que o futuro se presente cheo de saúde, e sabendo que na responsabilidade de todas e todos está que o consigamos, dámosvos a

BENVIDA AO CURSO 2020-2021!



*SE DURANTE O CURSO 2020 - 2021 TIVERAN QUE SUSPENDERSE AS CLASES POR MOTIVOS SANITARIOS O POR CALQUERA OUTRA CAUSA DE FORZA MAIOR, A ESCOLA CONTINUARÁ A SÚA ACTIVIDADE LECTIVA DE XEITO TELEMÁTICO ATA A REANUDACIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS OU DE SER O CASO, ATA A FINALIZACIÓN DO CURSO ESCOLAR. CALQUERA ALUMNO QUE NON DESEXE CONTINUAR MATRICULADO NA ESCOLA NESAS CIRCUNSTANCIAS, DEBERÁ SOLICITAR A BAIXA MEDIANTE UN ESCRITO PRESENTADO NA PROPIA ESCOLA OU ENVIADO AO CORREO ELECTRÓNICO ESMU.MUNICIPAL.FABRICA@EDU.XUNTA.GA

TRÁMITES A REALIZAR

As familias ou alumnado que teñan **adxudicadas unha praza na EMMO**, na especialidade de Instrumento ou de Música e Movemento, deberán realizar os seguintes **trámites** que se indica a continuación, para poder dar por matriculado ao futuro alumno/a.

TRÁMITES A REALIZAR

- Cumprimentar o **Impreso de Matrícula** ubicado na seguinte ligazón <https://url2.cl/Kp2mh>
- As **Contías** a ingresar, segundo as circunstancias, serán as seguintes (elixir só unha das seguintes opcións):

▪ Matrícula xeral:	72,00€
▪ Matrícula con bonificación do 50% por Familia Numerosa Categoría Xeral -FNX-:	36,00€
▪ Matrícula con bonificación do 100% por Familia Numerosa Categoría Especial -FNE-:	0,00€
▪ Matrícula con bonificación do 95% por Situación Económica Precaria -SEP-:	3,60€
▪ Matrícula con bonificación do 95% + 50% por FNX + SEP:	1,80€
- Realizar o **Pagamento** no número de conta que aparece no Impreso de Matrícula.
- Enviar a **Documentación** solicitada ao seguinte enderezo electrónico:
esmu.municipal.fabrica@edu.xunta.es

APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As familias ou alumnado que teñan adxudicadas unha praza na EMMO, na especialidade de Instrumento ou de Música e Movemento, deberán realizar os seguintes trámites e entregar a documentación que se indica a continuación, para poder dar por matriculado ao futuro alumno/a.

Toda a documentación solicitada deberá ser aportada vía electrónica ao seguinte enderezo electrónico:
esmu.municipal.fabrica@edu.xunta.es

APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

IMPRESO DE MATRÍCULA

O impreso de matrícula deberá ser cuberto con letras maiúsculas e asinado, preferiblemente, con sinatura dixital. No caso que, dita sinatura recollida no impreso sexa física, requiriráselle para que asine presencialmente ao principio de curso.

XUSTIFICANTE DO PAGAMENTO

Unha vez abonada a contía da matrícula, deberá aportarse xustificante de ter realizado o pagamento.

DNI

Para o alumnado que pola súa idade non posúa o DNI, valerá con presentar unha copia do LIBRO DE FAMILIA.

TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA XERAL OU ESPECIAL

No caso de atoparse nalgún destes supostos, as familias deberán aportar, no momento de formalizar a matrícula, o Título de Familia Numerosa na categoría pertinente que avale dita situación.

INFORME DE SERVICIOS SOCIALES

O informe de Servizos Sociais é requisito indispensable para poder beneficiarse da bonificación do 95% da cota por atoparse, a familia ou o solicitante, en situación económica precaria. Dito Informe deberá presentarse no momento de formalizar a matrícula para que sexa efectiva dita bonificación.

INFORME DE NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Para todo o alumnado que requira adaptación curricular é necesario presentar un informe ou certificación que avale a súa situación.

CONFORMIDADE COA POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Modelo aportado como anexo neste documento.

AUTORIZACIÓN DE CAPTACIÓN DE IMAXES

Modelo aportado como anexo neste documento.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SAÚDE

Modelo aportado como anexo neste documento.

POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Oleiros, en cumprimento do deber de informar establecido na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais (en diante LOPDGDD) en concordancia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante RGPD) e demais normativa concordante sobre a materia infórmalle:

- a) Que os datos aportados por vostede neste formulario serán utilizados para a xestión da prestación do servizo da Escola Municipal de Música.
- b) Ademais da finalidade principal, o tratamento dos datos implica as seguintes finalidades adicionais:
 - Facilitar á interesados información sobre as diversas actividades e servizos municipais.
 - Xestión e organización do servizo da Escola Municipal de Música.
- c) Para poder proporcionarlle dito servizo é imprescindible o traslado dos seus datos persoais á empresa contratista adxudicataria do servizo, á entidade bancaria que vostede nos sinala, así como –no seu caso– ás compañías de seguros contratadas polo Concello para asegurar os riscos na prestación do servizo, e a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigas legais de información, de acordo coa normativa vixente. Neste caso os datos serán trasladados á empresa adxudicataria da Escola Municipal de Música.
- d) Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.
- e) É responsable dos datos o Concello de Oleiros, con enderezo en Praza de Galicia, 1, 15173 Oleiros, e teléfono 981 610 000; enderezo electrónico: alcaldia@oleiros.org
- f) O interesado terá dereito a acceder aos seus datos persoais así como a solicitar a rectificación dos datos persoais inexactos que lle concernan ou, no seu caso, solicitar a supresión cando os datos xa non sexan necesarios en relación cos fins para os que foron recollidos. Poderá, asemade, retirar o seu consentimento, sen prexuízo de que esta administración se poida negar a suprimir os datos, entre outros motivos, por fins de arquivo en interese público.
- g) Así mesmo os interesados teñen dereito, en determinadas circunstancias, a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso devanditos datos só poderán ser obxecto de tratamento, con excepción da súa conservación, co consentimento do interesado ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou con miras á protección dos dereitos doutra persoa física ou xurídica ou por razóns de interese público. (Pode solicitar a limitación do tratamento dos datos nas circunstancias indicadas no artigo 18 do RGPD)
- h) Pode exercitar os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este Concello, xa sexa por vía electrónica ou presentado presencialmente nas oficinas de Rexistro sitas no enderezo sinalado anteriormente.
- i) Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

A/o alumno/a abaixo firmante (a nai/pai/ titor/a no caso de ser menor de idade), da a súa conformidade coa política de protección de datos referidos neste documento.

Oleiros, de de 2020

Asdo.: Nome, apelidos e DNI.....

Nome Alumno/a:

Apelidos do alumno/a.....

A presentación deste formulario implica a aceptación da política de privacidade que se indica no encabezado, imprescindible para poder prestarlle o servizo ao que se está a preinscribir

AUTORIZACIÓN CAPTACIÓN IMAXES

O presente documento é referido á **captación de imaxes do alumnado nas actividades que organice a EMMO** durante o curso escolar 2020-2021.

Estas imaxes soamente poderán ser utilizadas cos seguintes fins:

- 1.- Integrar as imaxes en arquivos gráficos da EMMO ou do Concello.
- 2.- Utilizar as imaxes como parte da edición dun CD/ DVD ou calquera outro soporte de imaxes con carácter divulgativo da EMMO ou do Concello de Oleiros.
- 3.- Integrar as imaxes en folletos ou publicacións municipais, tanto impresas como electrónicas.

AUTORIZACIÓN

A nai/pai/titor/a do alumno/a menor de idade, referido a continuación, da ou non a súa conformidade coa captación de imaxes referidas neste documento.

☐ **SI**, dou o meu consentimento expreso para a captación de imaxes do meu/miña fillo/a

☐ **NON**, dou o meu consentimento expreso para a captación de imaxes do meu/ miña fillo/a

Oleiros, de de 2020

Asdo.: Nome, apelidos e DNI.....

Nome Alumno/a:

Apelidos do alumno/a.....

A presentación deste formulario implica a aceptación da política de privacidade que se indica no encabezado, imprescindible para poder prestarlle o servizo ao que se está a preinscribir

DECLARACIÓN DE SAÚDE

Unha vez comezadas as clases do curso 2020-2021, haberase de estar, en pro do benestar de toda a Comunidade Educativa, ao reflectido neste documento:

- O alumnado NON deberá presentar sintomatoloxía asociada á Covid-19 (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) para poder asistir á EMMO.
- O alumnado que conviva con algún afectado pola Covid-19, estea en contacto estreito ou compartira espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada pola enfermidade NON deberá asistir ás clases até ter cumprida a corentena pertinente de 14 días.
- O alumnado comprométese a notificar inmediatamente á Administración da EMMO calquera problema de saúde vinculado á Covid-19 durante o transcurso do presente curso 2020-2021.
- O alumnado asume con responsabilidade as indicacións e as obrigas en materia de distancia de seguridade e uso de máscaras, así como todas aquelas recomendacións das autoridades sanitarias en atención á normativa vixente e á súa evolución.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SAÚDE

☐ Acepto o compromiso de declaración responsable de saúde, así coma as condicións de participación e o consentimento informado no presente documento:

Oleiros, de de 2020

Asdo.: Nome, apelidos e DNI.....

Nome Alumno/a:

Apelidos do alumno/a.....

A presentación deste formulario implica a aceptación da política de privacidade que se indica no encabezado, imprescindible para poder prestarlle o servizo ao que se está a preinscribir

EMMO

Xunta Directiva

Malu Balado. Coordinación-xerencia

Rodrigo Rodríguez. Dirección Artística

Eva Aguiar. Dirección Pedagóxica e Xefatura de Estudos

Claustro de Profesores

Suso Moreira, Nacho Goris, Alberto Camba, Quique Alvarado, Rubén Barros, Jorge Galán, Pablo Quiroga, Rosalía Vázquez, Nerea Casanova, Stefan Marinescu, Óscar González, Rafa Espido, Isaura Rey, Ana Garrote, Óscar Galán, Eva Aguiar, Alberto G. Noguerol, Alberto Piñeiro, Guillermo Sabarís, Rodrigo Rodríguez, Marina Gundín, Xiana Naval, Aine Lineros, Tania Añón, Mónica Pérez, Jorge Briones, Iago Casal, Marcos Pais

Persoal non docente

Ana P. Cedrón. Administración

Ramón Antelo. Conserxería

CONCELLO DE OLEIROS

Concellería Responsable

María José Santos. Concelleira Ensino e Xuventude

Anxo Barreiros. Técnico de Ensino



Concello de Oleiros

Concellería de Ensino

www.oleiros.org · ensino@oleiros.org



Escola Municipal de Música de Oleiros

Rúa do Inglés, N°13

15172. Perillo- Oleiros

981 639 143

esmu.municipal.fabrica@oleiros.org

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-ensino-e-xuventude/ensino>

Deseño cartafol e contidos:

